



BANDO INFORMATIVO

Ante a declaración do estado de alarma en todo o territorio español, como consecuencia da situación e evolución do coronavirus, esta Alcaldía resolveu adoptar unha serie de medidas, dentro do ámbito das competencias municipais, coa finalidade de aliviar e mitigar no posible os trastornos que esta situación excepcional que estamos a vivir pode provocar na veciñanza.

1º. RECOMENDACIÓNS E PROHIBICIÓNS.

Solicítase a cooperación de todos e todas á hora de afrontar a declaración do estado de alarma, polo que se prega seguir as indicacións das autoridades sanitarias e procurar non saír da casa a non ser que sexa necesario.

Segundo o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, durante a vixencia do mesmo unicamente se poderá circular polas vías de uso público para:

- a) Adquirir alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
- b) Acudir a centros e servizos sanitarios.
- c) Desprazarse ao lugar de traballo para realizar a prestación laboral.
- d) Volver ao lugar de residencia.
- e) Asistir e coidar de persoas maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade e persoas especialmente vulnerables.
- f) Acudir a entidades financeiras e de seguros.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza que deberá realizarse





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

individualmente, a non ser que se acompañe a persoas con discapacidade ou por outra causa xustificada.

- i) Tamén se poderá realizar repostaxe en gasoleiras e estacións de servizo.

Así mesmo, lémbrese que se suspendeu a actividade educativa e a apertura de locais e establecementos comerciais, a excepción de:

- Comercios de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade (supermercados, ultramarinos, carnicerías, pescaderías, panaderías, entre outros).
- Farmacias.
- Comercios que vendan produtos hixiénicos (droguería e ferretería).
- Quioscos e comercios que vendan prensa e papelería.
- Estancos.
- Gasoleiras.
- Comercios que vendan alimentos para animais de compañía.
- Tintorerías.

Estes establecementos, que acabamos de enumerar, teñen permitida a apertura (lembra que entre os establecementos que deben pechar se atopan as perruquerías, así como bares, cafeterías e restaurantes), e polo tanto pódese acudir aos mesmos para adquirir os produtos que comercializan, se ben se recomenda permanecer nos mesmos o tempo imprescindible para realizar a compra e manter a distancia de seguridade, a fin de evitar posibles contaxios.





#sentidiño

<http://coronavirus.sergas.es>

900.400.116

Do mesmo xeito suspendéronse as verbenas, desfiles e festas populares; pecháronse os polideportivos e centros de ocio infantil; limitáronse as visitas ás residencias de maiores; suspendéronse as misas e os actos pastorais e limitouse a asistencia a velorios e funerais.

Respecto ás recomendacións e medidas para actuar fronte ao coronavirus achégase documentación confeccionada pola Xunta de Galicia coas indicacións a seguir e información útil respecto ao Covid-19.





2º. SERVIZOS MUNICIPAIS.

Seguirán operativos os seguintes servizos municipais: recollida de lixo, servizo de axuda no fogar, servizo de limpeza viaria e de infraestruturas municipais, e servizos administrativos.


De conformidade coas indicacións da Xunta de Galicia e de acordo co establecido no Real Decreto 463/2020 suspéndese a actividade da Biblioteca Pública Municipal e do Servicio de Atención Temperá (servizo que se presta a nenos e nenas do Concello de 0 a 6 anos).

Respecto aos servizos que se manteñen operativos:

1º) A recollida de lixo manterase coa frecuencia e prestacións habituais. No suposto de que se producira no municipio algún caso de contaxio ou persoas en corentena, habilitaríase un sistema específico de xestión dos residuos procedentes deses fogares.

2º) Seguindo as indicacións da Xunta de Galicia ao respecto o Servizo de Axuda no Fogar, mantense este servizo, extremando as medidas de hixiene e protección para evitar posibles contaxios, tanto dos usuarios e usuarias como das traballadoras do servizo.

3ª) Seguindo as indicacións da Xunta de Galicia ao respecto, o servizo de atención ao público nas dependencias do Concello verase limitado aos casos estritamente necesarios e previa solicitude de cita telefónica, se ben en ningún caso se atenderá a desprazados nin persoas que non estean empadroadas no Concello ou non sexan residentes habituais.





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

Na medida do posible a prestación dos servizos administrativos se realizará de forma telemática e por medios non presenciais.

5



A fin de levar a cabo as comunicacións precisas co Concello, á parte do teléfono habitual do Concello, 982 379 251, de uso preferente, e dispoñible en horario de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres, habilítanse os seguintes teléfonos específicos, durante a vixencia do estado de alarma, para situacións excepcionais:

SERVIZOS ADMINISTRATIVOS: 699 604 533

SERVIZOS SOCIAIS: 691 022 364





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

Así mesmo, para calquera incidencia ou cuestión relacionada co funcionamento do Concello poden contactar con esta Alcaldía:

6

ALCALDE: 676 953 750

Por último, lembrade que **se suspenderon os prazos de prescrición e caducidade de calquera procedemento administrativo durante o prazo de vixencia do estado de alarma.**

3º. COMERCIO LOCAL.

Como indicabamos no 1º punto, poden abrir ao público os seguintes establecementos comerciais de Antas de Ulla:

- Supermercados, ultramarinos, carnicerías, pescaderías e panaderías.
- Farmacia.
- Droguería e ferretería.
- Quioscos e comercios que vendan prensa e papelería.
- Estanco.
- Gasolineira.
- Comercios que vendan alimentos para animais de compañía.

Postos en contacto desde o Concello cos establecementos comerciais que venden **ALIMENTOS**, concertouse con estes o seguinte sistema de





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

colaboración no reparto a domicilio, durante o período de vixencia do estado de alarma:

7

Polos veciños e veciñas de Antas de Ulla, poderán facerse encargos telefónicos nos seguintes establecementos do Concello:

referidos por orde alfabética

- %GLAUDIO+(Supermercado): 982 379 279
- %MEDELA+(Supermercado): 669 848 440
- %POZO+(Supermercado): 982 379 305
- %UDACO+(Supermercado): 982 379 232 . 697 309 237

- %BOÁN+(Carnicería): 982 379 252 (unicamente pola mañá)

- Pescadería: 608 964 256 . 665 416 558

- %LAREIRA+(Panadería): 982 379 247
- %MANSO+(Panadería): 982 379 189
- %MODESTO+(Panadería): 982 379 167
- %SOMOZA+(Panadería): 982 379 237

Polo Concello habilitarase un servizo de recollida nos comercios, dúas veces ao día, pola mañá e pola tarde, ás 12,30 - 13,00 h. e ás 18,30 . 19,00 h. (aproximadamente) e realizarase o posterior reparto aos domicilios.





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

PRÉGASE SE FAGA UN USO RESPONSABLE DESTE SERVIZO, A FIN DE NON PRIVAR ÁS PERSOAS MÁIS NECESITADAS DO MESMO, tendo en conta que con esta medida pretende garantirse o reparto e acceso aos produtos alimentarios básicos ás persoas en situación máis vulnerable.

8

Do mesmo xeito, habilítase un servizo de reparto de medicamentos, durante o período de vixencia do estado de alarma.



No suposto daquelas persoas ás que lles resulte complicado achegarse ata a farmacia, ou no caso de persoas maiores que prefiran non saír da casa, pónse á súa disposición un dos traballadores municipais, que se encargará de achegarse ao seu domicilio para recoller a tarxeta sanitaria a fin de adquirir, posteriormente, os medicamentos que precise na farmacia para despois facerlles entrega dos mesmos e a tarxeta, novamente, no seu domicilio.

Ao igual que no suposto anterior, PRÉGASE SE FAGA UN USO RESPONSABLE DESTE SERVIZO, A FIN DE NON PRIVAR ÁS PERSOAS MÁIS NECESITADAS DO MESMO.





**TELÉFONO DE CONTACTO PARA USO DO
SERVIZO DE REPARTO DE MEDICAMENTOS:
650 239 245**

Como é lóxico, ámbolos dous servizos, que se levarán a cabo por persoal municipal, vanse realizar extremando as medidas de hixiene e de protección a fin de evitar posibles contaxios.

4º. ESPECIAL COLABORACIÓN COAS FAMILIAS CON NENOS E NENAS EN IDADE ESCOLAR.

Postos en contacto coa AMPA do Colexio Público de Antas de Ulla estase a avaliar a situación das familias do Concello con cativos e cativas en idade escolar, a fin de implementar, en caso de que exista esa necesidade, as medidas precisas de conciliación familiar e laboral.

No suposto de que sexa necesario, realizaríanse contratacións temporais e excepcionais, a fin de atender na casa aos nenos e nenas das familias que precisen desta axuda. Esta labor realizaríase garantindo tódalas medidas de saúde e hixiene precisas, a fin de evitas posibles contaxios.





CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

A fin de levar a cabo esta tarefa de atención aos pícaros do Concello, vaise implementar unha bolsa de traballo, para que se anoten na mesma os estudantes universitarios e de Bacharelato do Concello, que nestes momentos teñen suspendida a activade lectiva. En caso de que se implemente este servizo de axuda ás familias, realizaríase un sorteo entre as persoas inscritas na bolsa de traballo e levaríase a cabo a contratación temporal das mesmas para realizar as tarefas de atención aos nenos e nenas, no seu domicilio.

Así mesmo, unha vez hixienizados os libros dispoñibles na Biblioteca Pública Municipal, vaise habilitar un sistema de préstamo a domicilio de libros, que estará dispoñible durante o período de vixencia do estado de alarma.



Nos vindeiros días, tamén se habilitará unha liña telefónica específica, con actividades para os nenos e nenas do Concello, consistentes na realización dunha *Gymkana virtual*, na que poderán participar tódolos estudantes do Colexio Público de Antas de Ulla.

Todas estas medidas, que se van a implementar nos vindeiros días, faranse públicas a través da AMPA do Colexio e da páxina web do Concello:

<http://www.concellodeantas.org/web/>





5º. PERSOAS MAIORES QUE VIVEN SOAS.

Desde o Concello estase a actualizar o censo de persoas maiores do municipio que viven soas.

No caso de persoas nesta situación, que non conten co Servizo de Axuda no Fogar, desde o Concello contactarase co eles e farase un seguimento especial a fin de facerlles, na medida das nosas posibilidades, máis levadeira esta situación de emerxencia sanitaria.

.....

Para rematar desexo facer unha mención especial e de agradecemento á tódolos veciños e veciñas do Concello que tanto na xornada de onte, domingo, como no día de hoxe, luns, se puxeron a disposición deste Consistorio para prestar a súa colaboración voluntaria e desinteresada naquilo que se precisara desde o Concello.

O meu maior agradecemento a todos eles e elas. Desde o Concello teremos en conta a vosa dispoñibilidade.

Este virus ímolo parar unidos.

Antas de Ulla, a 16 de marzo de 2020.

O Alcalde,

Asdo.: Javier Varela Pérez

